



NOVAS

NOTA INFORMATIVA DO 19 DE XUÑO DE 2026

PROCESO DE ACEPTACION OU RENUNCIA DE PRAZA E PROCEDEMENTO DE PAGO ALUMNADO BENEFICIARIO DO PROGRAMA “VIGO EN INGLÉS 2026”.

A Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria do 19/06/2026, adoptou o acordo de aprobar as listaxes definitivas de alumnado seleccionado para participar no programa “VIGO EN INGLÉS 2026”, polo que todos aqueles alumnos/as que resultaron adxudicatarios/as, deberán tramitar obrigatoriamente a aceptación ou renuncia de praza, e no caso que corresponda realizar o pago de achega familiar que lle foi comunicada vía e-mail, NO PRAZO HABILITADO AO EFECTO CONTADO DENDE O LUNS 22 DE XUÑO ATA A DATA LIMITE DO LUNS 29 DE XUÑO.

- ALUMNOS/AS BENEFICIARIOS/AS EXENTOS/AS DE PAGO:

No sitio web <http://vigo.org/vigo-ingles> , obrigatoriamente tramitarán vía telemática en prazo e debidamente cuberta a aceptación expresa ou renuncia da praza.

A ausencia de tramitación no prazo habilitado ao efecto, implicará a renuncia voluntaria á praza adxudicada.

- ALUMNOS/AS BENEFICIARIOS/AS CON PAGO DE PREZO PÚBLICO:

No sitio web <http://vigo.org/vigo-ingles> , obrigatoriamente tramitarán vía telemática en prazo o pagamento da contía asignada de achega familiar, ben a través da pasarela bancaria ou xerando o recibo de pago para posteriormente efectuar o mesmo de xeito presencial nas seguintes entidades bancarias colaboradoras (Abanca, Banco Pastor, Banco Popular, Banco de Sabadell, Banco de Santander, Caixabank, Ibercaja, Novo Banco e BBVA).

Aquelas familias que realicen o pago presencialmente en entidades bancarias, deberán achegar para o noso coñecemento previo, dito xustificante de pago ao e-mail “vigoeningles@vigo.org”

A non realización do abono do prezo público que corresponda, no prazo habilitado ao efecto, implicará a renuncia voluntaria á praza adxudicada.

(*) Consonte á normativa legal vixente en materia de tratamento de datos de carácter persoal, a consulta das listaxes definitivas de “Vigo en Inglés 2026” é restrinxida, quedando o acceso ás mesmas limitado unicamente aos interesados no procedemento, para o cal cómpre autenticarse seguindo as indicacións que figuran na web <https://escolas.vigo.org/vigoeningles>